

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de vinte (20) días a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello do Vicedo ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o deseexe.

Lugo, 29 de xullo de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 2578

## CONCELLOS

### FRIOL

#### *Anuncio*

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 5/2019, (segundo de competencia do Pleno), para transferencias de crédito, dentro do vixente Orzamento municipal, polo acordo adoptado en sesión celebrada o día vinte e seis de xuño de dous mil dezanove, por un importe total de OITENTA E CINCO MIL CATROCENTOS TRINTA E UN EUROS (85.431,00 €); de acordo co preceptuado e en cumprimento co disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento, queda da seguinte forma:

<u>CAPÍTULOS</u>	<u>IMPORTEs</u>
1.- Gastos de persoal.....	879.488,43.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos .....	1.701.193,27.-
3.- Gastos financeiros.....	3.500,00.-
4.- Transferencias correntes.....	135.109,88.-
6.- Inversións reais.....	2.372.493,89.-
7.- Transferencias de capital.....	40.000,00.-
8.- Activos financeiros.....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros.....	0,00.-
 SUMA TOTAL.....	 5.131.785,47.-

Na mesma sesión plenaria, acordouse a modificación do Anexo de Inversións.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Friol, 21 de agosto de 2019.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2580

## LUGO

#### *Anuncio*

De conformidade co acordo da xunta de Goberno Local número 5/518 do 21/08/2019 apróbanse as bases polas que se regula a concesión de subvencións a familias con escasos recursos para a adquisición de libros de texto e material educativo no Segundo Ciclo de Educación Infantil para o curso escolar 2019-2020 incluídas no IV Plan Estratéxico de subvencións do Excmo Concello de Lugo, actualización do mesmo por acordo número 29/421 da Xunta de Goberno Local do 10/07/2019.

"Vistos:

1. Acordo 29/421 da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, de 10 de xullo de 2019, de actualización para o ano 2019 do IV Plan Estratéxico de subvencións en réxime de concorrencia competitiva do Excmo. Concello de Lugo 2016-2019.

2. Informe proposta do Servizo de Educación de bases polas que se regula a concesión de subvención a familias con escasos recursos para a adquisición de material educativo no Segundo Ciclo de Educación Infantil para o curso escolar 2019-20, de data 19 de xullo de 2019.

3. Informe de Intervención do día 12 de agosto de 2019, con número de referencia 56179/19 coa fiscalización favorable, obrante no expediente.

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

1º.- O outorgamento de subvencións é unha técnica utilizada polo Concello de Lugo para o fomento e protección dos dereitos fundamentais, a través dun procedemento de concorrencia competitiva, axustada aos principios de obxectividade, transparencia e publicidade, que permite, neste caso concreto, a prestación de "axudas á familias con escasos recursos para a adquisición de material educativo no segundo ciclo de educación infantil."

2º.- A experiencia dos últimos anos e o aumento do número de persoas que solicitaron axudas e á vista dos resultados acadados, fan procedente a convocatoria para este exercicio 2019-2020 de subvencións para a compra de libros, como unha forma de apoio a aquelas familias que teñan serios problemas para poder cumplir co obxectivo fundamental de dotar aos seus fillos dunha educación digna.

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

1º.- Visto o artigo 25.1 da Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións do Excmo Concello de Lugo, no que se establece para os procedementos de concesións de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, que con carácter previo ao outorgamento de subvencións se aprobarán as correspondentes bases reguladoras das subvencións.

2º.- Considerando que o Concello de Lugo ten aprobado o IV Plan estratéxico de subvencións, actualización ano 2019, para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva e que estas bases se axustan a él, por acordo núm 29/421 da Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada o día 10 de xullo de 2019.

É polo que, logo dos trámites oportunos, e de conformidade co acordo 28/452 no seu punto primeiro p) de delegación de competencias nas/os concelleiras/os delegadas/os e tenentas/es de Alcalde delegadas/os de Área, se lle propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte resolución:

**PRIMEIRO.**- Que se proceda á convocatoria de subvencións a familias con escasos recursos para a adquisición de material educativo no segundo ciclo de educación infantil para o curso 2019/2020 de conformidade co establecido nas presentes bases.

**SEGUNDO.**- Aprobar o gasto inicial de **40.000 euros**, con cargo á partida 32600.48100 do vixente orzamento municipal.

**TERCEIRO.**- Esta convocatoria rexerase polo establecido nas seguintes "BASES POLAS QUE SE REGULA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN ÁS FAMILIAS CON ESCASOS RECURSOS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL EDUCATIVO NO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL PARA O CURSO ESCOLAR 2019-2020".

#### **1º.- Obxecto e finalidade da subvención.**

Esta bases teñen por obxecto a concesión de subvencións a familias con escasos recursos para a adquisición de libros de texto e material educativo (fichas, estoxos, mochilas e material de papelería) para educación infantil, para alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos.

#### **2º.- Contía que se vai subvencionar.**

O importe inicial destinado a estas axudas ascende inicialmente a **40.000€**.

A contía individual das axudas será de **100€**, consistente nun vale desconto para trocar nas librerías do Concello de Lugo. A convocatoria finanziarase con cargo á **partida 32600.48100** do vixente presupuesto do Concello de Lugo.

#### **3º.- Pessoas beneficiarias.**

As axudas poderán ser solicitadas polas familias do alumnado que reúna os seguintes requisitos:

3.1. Os membros da unidade familiar do alumnado, tal como resulta definida na regulación do imposto sobre a renda das persoas físicas, deberán estar empadroados no municipio de Lugo. A Concellería de Educación solicitará de oficio a Estatística os xustificantes de convivencia das/os membros da unidade familiar das/os solicitantes destas axudas.

3.2. A orde de preferencia para a adxudicación das axudas será:

**Primeiro.** Aquelas alumnas e aqueles alumnos cuja renda familiar anual non supere o **0,66 veces o IPREM**, e establecése como único criterio de baremo a contía da renda de menor a maior.

**Segundo.** No caso de que o número de solicitudes non supere o número de bolsas ofertadas, seguiranse dando bolsas a aqueles beneficiarios e beneficiarias cuja renda familiar anual non supere o **0,80 veces o IPREM**.

3.3. Ter presentada a solicitude de reserva de praza ou solicitude de admisión para un posto escolar no centro sostido con fondos públicos no Concello de Lugo.

3.4. Non gozar doutras axudas, bolsas ou subvencións de igual ou semellante finalidade outorgada por organismos ou institucións públicas ou privadas, sendo polo tanto estas axudas incompatibles con calquera outra axuda.

3.5. A renda familiar para os efectos de bolsa obterase por agregación das rendas do exercicio 2018 de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza. Os datos económicos para ter en conta nas rendas familiares para determinar os ingresos serán os calculados por agregación da base imponible xeral (casiña 435) coa base imponible do aforro (casiña 460), calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Para o cálculo da renda familiar para os efectos de bolsa, son membros computables da familia según se define no Decreto 18/2014 no seu artigo 4: o pai, a nai, titor ou persoa encargada da garda e protección do/a menor, se é o caso, a persoa solicitante, as e os irmáns solteiros menores de dezaoito anos, que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do 2018 ou as e os de maior idade, cando se trate de persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial.

#### 4º.- Forma e prazo de presentación de solicitudes.

1.- As solicitudes das persoas interesadas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación dun extracto destas no BDNS no Boletín Oficial da Provincia e se inserirán no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do Concello, acompañada dos documentos e informacóns que procedán.

2.- A persoa interesada deberá acompañar a solicitude da seguinte información:

a) Solicitud en modelo específico subscrita pola persoa interesada.

b) Fotocopia do DNI da nai e do pai, ou persoas que representen legalmente á nena ou neno.

c) Fotocopia cotexada do libro de familia ou, de ser o caso, da resolución xudicial ou administrativa pola que se lle confía a garda e protección do/s menor/es da persoa solicitante.

d) Declaración xurada das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola persoa solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais, ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.

e) Declaración responsable de non estar incurso/a en prohibición para obter a condición de beneficiario/a da subvención conforme o establecido no artigo 13.7 da Lei 38/2003.

f) Certificación ou informe de estar ao corrente das obrigas coa Seguridade Social. Así mesmo comprobarase, tras autorización da persoa interesada, incluída na solicitude, da circunstancia de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias fronte ao Estado e Comunidade Autónoma de Galicia. Tamén, é de oficio, comprobarase a circunstancia de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias municipais.

g) Certificación expedida pola Agencia Tributaria expresiva da declaración da renda do exercicio 2018 (ver punto 3.5)

h) Documentación acreditativa dos ingresos daquelas persoas en situación de divorcio, separación ou nulidade matrimonial (sentenza xudicial e convenio regulador).

i) Certificación ou certificacións do centro onde as e os alumnos realicen os estudos e na que se xustifique o curso no que están matriculadas e matriculados. Tal certificación aportarase por aqueles solicitantes aos que lles sexa concedida axuda dentro do período establecido para a entrega de vales.

A Concellería de Educación presentará unha memoria explicativa da actividade que se vai levar a cabo.

#### 5º.- Procedemento.

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 28, 29 e 30 da Ordenanza municipal de Subvencións coas seguintes precisións:

1. Presentadas as solicitudes en calquera dos lugares establecidos legalmente, remitiránse á Concellería de Educación, que procederá en función do obxecto e finalidade da subvención solicitada.

2. O órgano instrutor será un/unha técnico/a competente da Concellería de Educación, que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da Ordenanza municipal de subvencións.

3. A Comisión de Valoración constituída para o efecto terá a seguinte composición:

- Presidenta/e: Pedagoga da Concellería de Educación.

- Vogais: persoal do servizo correspondente designado para o efecto

- Secretaria/o: Vicesecretaria do Concello de Lugo ou persoa que legalmente a sustitúa.

4. Valoradas as solicitudes recibidas procederáse á publicación das listaxes provisionais cun prazo de 10 días hábiles no que as persoas interesadas poderán realizar as alegacións que consideren oportunas. Resoltas as reclamacións pola Comisión de Valoración, de ser o caso, procederáse á publicación definitiva das axudas, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local a concesión das mesmas.

5. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BDNS e no Boletín Oficial da Provincia. Transcorrido dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada.

6. A resolución porá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado dende o día seguinte á publicación da resolución ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo nun prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á publicación da resolución (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa). A notificación da resolución do procedemento efectuarase mediante a publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo, baseándose no artigo 45.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e inserción na BDNS.

#### 6º.- Criterios de valoración.

O único criterio de valoración será a contía da renda neta anual familiar tomando como referencia o IPREM, (ver punto 3.2).

#### 7º.- Xustificación do gasto.

Unha vez ditada a resolución pola que se concede a axuda, procederáse á entrega do "vale para libros", durante 10 días hábiles, despois da presentación da certificación onde conste que a/o alumno/a está matriculado/a para o curso 2019/2020, coa indicación do curso e do centro docente. No vale constará que a persoa beneficiaria cede o dereito de cobro á librería onde merque o material escolar, facéndose responsable o Concello de pagarlle á librería á que foi cedido o dereito de cobro.

No vale constará a súa data de caducidade, que será de 10 días hábiles contados a partires da data que figure na entrega do mesmo.

O prazo para que as librerías presenten as facturas correspondentes aos vales recollidos será de 30 días hábiles a contar desde a data de entrega que figure no propio vale, tendo en conta a caducidade que figurará no anverso do mesmo.

A Concellería de Educación presentará unha Memoria explicativa da realización da totalidade do proxecto ou actividade, obxectivo ou adopción do comportamento, con expressa mención dos resultados obtidos e coas indicacións, contidos e documentos que se determinen nos acordos reguladores da convocatoria ou na concesión da subvención.

Ademais, as persoas beneficiarias achegarán :

- Certificado escolar onde conste que o/a alumno/a está matriculado/a para o curso 2019/2020, coa indicación do curso e do centro docente.

As librerías onde se merque o material escolar presentarán no Rexistro Xeral do Concello, ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública, escrito de presentación xunto a:

- Albarán do material mercado con cada vale, detallando o material ou libros mercados, con indicación do curso ao que fai referencia, así como o nome e os datos da persoa solicitante.

- Os vales de desconto emitidos pola Concellería de Educación, indicando o nome, apelidos, firma e DNI da persoa solicitante.

- Factura individualizada a nome de cada persoa beneficiaria. No caso que a persoa beneficiaria teña concedida máis dunha axuda poderase presentar factura única.

En ningún caso as librerías cobrarán aos beneficiarios o valor do vale.

O Concello non admitirá xustificación das librerías onde figure abono dos 100€ aos beneficiarios.

A data límite para xustificar a subvención concedida será o 31 de decembro do exercicio económico correspondente á súa concesión. De ser o caso que por circunstancias extraordinarias e causas forzosas e debidamente xustificadas que impidan a presentación no prazo anteriormente mencionado, establecerase outra data de xustificación.

No caso de non presentar a xustificación dentro dos prazos determinados incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que comportará a perda do dereito de cobro da subvención.

Non se realizarán pagamentos a conta nin anticipados.

**8º.- Revogación**

A adxudicación das axudas será revogada totalmente no caso de que se comprobe que na súa concesión concorreu ocultación ou falsidade de datos, ou que esisten incompatibilidades con outros beneficiarios desta clase procedentes doutras persoas físicas ou xurídicas.

**CUARTO.-** Que se proceda á publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia e no BDNS, e con indicación de que esta pon fin á vía administrativa, e de que contra ela poden interpoñerse os seguintes recursos:

- Contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998 do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo).

Non obstante o anterior, e con carácter previo a esta resolución poderase interpoñer:

- O recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Alcaldía e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

Lugo, 21 de agosto de 2019.- O CONCELLEIRO DELEGADO DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO, Felipe Rivas Jorge.



# Concello de Lugo

**SOLICITUDE: SUBVENCIONES PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL EDUCATIVO NO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL**

**CURSO ESCOLAR 2019-2020**

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

<b>NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:</b>		<b>NIF/NIE:</b>
<b>ENDEREZO:</b>		<b>CONCELLO:</b>
<b>PROVINCIA:</b>	<b>CÓDIGO POSTAL:</b>	<b>TELÉFONO:</b>
<b>CORREO ELECTRÓNICO:</b>		

**DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no caso de actuar por medio de representante)**

<b>NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:</b>		<b>NIF/NIE:</b>
<b>TELÉFONO:</b>		<b>CORREO ELECTRÓNICO:</b>
<b>DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:</b>		

**ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

<b>ENDEREZO:</b>		<b>CONCELLO:</b>
<b>PROVINCIA:</b>	<b>CÓDIGO POSTAL:</b>	<b>ENDEREZO DE NOTIFICACIÓN TELEMÁTICA:</b>

**DATOS DAS PERSOAS QUE FORMAN A UNIDADE FAMILIAR**

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>DATA DE NACIMENTO</b>	<b>PARENTESCO</b>

**Número de persoas que forman a unidade familiar:**

\_\_\_\_\_ (número de axudas) para a compra de material educativo curso \_\_\_\_\_

**DATOS DA/S NENA/S OU NENO/S PARA OS QUE SOLICITA AXUDA:**

<b>NOME E APELIDOS</b>	<b>CURSO</b>	<b>NOME DO CENTRO</b>

**SOLICITA:**

Lugo, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Asdo.: \_\_\_\_\_

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:** De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e en cumprimento da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, os datos obtidos desta solicitude serán tratados para a tramitación da mesma, baixo a responsabilidade da Área tramitadora do procedemento instado aos indicados fins polo Concello de Lugo e ante quen as persoas afectadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos mesmos. Así como a posta de reclamacións ante a autoridade de control. O tratamento de datos queda lexitimado por obriga legal e o consentimento das persoas interesadas. A presentación desta solicitude supón unha clara acción afirmativa en relación ao tratamento dos datos persoais incorporados á mesma. Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes na materia relacionada coa comunicación realizada e non poderán ser cedidos a terceiros agás nos supostos previstos na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

**INFORMACIÓN ÁDICONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:** Consultar na folla anexa a este impreso.

### DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACHEGAR CON ESTA SOLICITUDE

- |  |  |
|--|--|
| <input type="checkbox"/> Fotocopia do DNI da <b>nai e do pai</b> , ou persoas que representen legalmente á nena ou neno.   | <input type="checkbox"/> Documentación acreditativa dos ingresos daquelas persoas en situación de divorcio, separación ou nulidade matrimonial ( <b>sentenza xudicial e convenio regulador</b> ).  |
| <input type="checkbox"/> Fotocopia cotexada do libro de familia ou libros de familia incluída a primeira folla que contén a serie e o número, ou documento que acredite oficialmente a situación familiar.   | <input type="checkbox"/> Declaración xurada de non ter solicitada nin recibida subvención ou axuda doutras administracións públicas para a mesma finalidade e de estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Lugo (segundo o modelo que se achega no <b>ANEXO II</b> , firmado <b>pola nai e polo pai</b> ou persoas que representen legalmente á nena ou neno). |
| <input type="checkbox"/> Certificación tributaria do exercizo fiscal 2018, positiva ou negativa, <b>da nai e pai</b> ou das persoas que componen a unidade familiar ou asinar a autorización ( <b>ANEXO I</b> ) para que o Concello de Lugo lle solicite directamente á Axencia Estatal da Administración Tributaria os datos fiscais mencionados anteriormente ( <b>NON é valida copia da declaración da renda</b> , só certificación tributaria expedida pola AEAT). | <input type="checkbox"/> Declaración responsable de non estar incursa/o en prohibición para obter a condición de beneficiaria ou beneficiario da subvención, conforme o establecido no artigo 13.7 da Lei 38/2003 (segundo o modelo que se achega no <b>ANEXO II</b> , firmado <b>pola nai e polo pai</b> ou persoas que representen legalmente á nena ou neno).               |
| <input type="checkbox"/> Certificación ou informe de estar ao corrente das obrigas coa Seguridade Social <b>da nai e do pai</b> , ou das persoas que representan legalmente a nena ou neno   |  |

### RENTA PER CÁPITA ANUAL 2018 (A CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN)

<div style="border: 1px solid black; padding: 10px; margin-bottom: 10px;"> <b>INGRESOS PAI</b> (casiñas 435+460)  <div style="text-align: center; margin-bottom: 10px;"> <input style="display: inline-block; width: 100px; height: 30px; vertical-align: middle;" type="text"/> + <input style="display: inline-block; width: 100px; height: 30px; vertical-align: middle;" type="text"/>   <span style="font-size: small;">   </span> </div> <div style="border: 1px solid black; width: 100%; height: 40px; margin-bottom: 10px;"></div> </div>	<div style="border: 1px solid black; padding: 10px; margin-bottom: 10px;"> <b>INGRESOS NAI</b> (casiñas 435+460)  <div style="text-align: center; margin-bottom: 10px;"> <input style="display: inline-block; width: 100px; height: 30px; vertical-align: middle;" type="text"/> + <input style="display: inline-block; width: 100px; height: 30px; vertical-align: middle;" type="text"/>   <span style="font-size: small;">   </span> </div> <div style="border: 1px solid black; width: 100%; height: 40px; margin-bottom: 10px;"></div> </div>	<div style="border: 1px solid black; padding: 10px; margin-bottom: 10px;"> <b>Nº MEMBROS UNIDADE FAMILIAR</b>  <div style="border: 1px solid black; width: 100%; height: 40px; margin-bottom: 10px;"></div> </div>
<div style="border: 1px solid black; width: 400px; height: 80px; margin-bottom: 10px;"></div>		
<div style="border: 1px solid black; width: 400px; height: 80px; margin-bottom: 10px;"> <b>RPC ANUAL</b> </div>		

## ANEXO I

**CUBRIR E ASINAR SÓ NO CASO DE QUE DESEXE QUE OS SEUS DATOS FISCAIS SEXAN REQUIRIDOS DIRECTAMENTE POLO CONCELLO DE LUGO**

Que as persoas abaixo asinantes lle autorizan ao Concello de Lugo a solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria os datos fiscais requeridos na "Solicitud de subvencións para as familias con escasos recursos para a adquisición de material educativo no Segundo Ciclo de Educación Infantil para o curso escolar 2019/2020".

Esta autorización outórgase exclusivamente para os efectos de aplicación do baremo establecido para a adxudicación das axudas existentes nas bases mencionadas anteriormente e en aplicación do artigo 95.1k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo da autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

D. <sup>a</sup> /D. ( <b>nai</b> ou persoa que exerce a titoría)		CIF/DNI
ENDERECO NOTIFICACIÓN		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

D. <sup>a</sup> /D. ( <b>pai</b> ou persoa que exerce a titoría)		CIF/DNI
ENDERECO NOTIFICACIÓN		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

Lugo, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Sinatura da persoa (**nai**) que autoriza

Sinatura da persoa (**pai**) que autoriza

Asdo.:\_\_\_\_\_

Asdo.:\_\_\_\_\_

**NOTA A EFECTOS DE DECLARACIÓN TRIBUTARIA:** Estas axudas califícanse como rendementos de traballo por ser subvencións públicas que perseguem unha función social, tendo como finalidade paliar ou aliviar a situación económica do perceptor, resultando exentas no IRPF como axudas públicas dirixidas á adquisición de libros de texto e material didáctico

## ANEXO II

## MODELO DE DECLARACIÓN XURADA PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR AXUDA PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL EDUCATIVO

CURSO 2019/2020

D. <sup>a</sup> /D (nai ou persoa que exerce a titoría)		CIF/DNI
ENDERECO NOTIFICACIÓN		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

D. <sup>a</sup> /D. (pai ou persoa que exerce a titoría)		CIF/DNI
ENDERECO NOTIFICACIÓN		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

AS PERSOAS ASINANTES DECLARAMOS BAIXO XURAMENTO QUE:

1. Non solicitamos nin recibimos subvencións ou axudas doutras administracións públicas para a mesma finalidade.
2. Estamos ao corrente das nosas obrigas fiscais co Excmo. Concello de Lugo.
3. Non estamos incuros/as en prohibición para obter a condición de persoa beneficiaria da subvención conforme ao establecido no artigo 13.7 da Lei 38/2003.

Lugo, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Sinatura da persoa (nai) que autoriza

Sinatura da persoa (pai) que autoriza

Asdo.:\_\_\_\_\_

Asdo.:\_\_\_\_\_

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:** De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e en cumprimento da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, os datos obtidos desta solicitude serán tratados para a tramitación da mesma, baixo a responsabilidade da Área trimitadora do procedemento instado aos indicados fins polo Concello de Lugo e ante quem as persoas afectadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos mesmos. Así como a posta de reclamacións ante a autoridade de control. O tratamento de datos queda lexitimado por obriga legal e o consentimento das persoas interesadas. A presentación desta solicitude supón unha clara acción afirmativa en relación ao tratamento dos datos persoais incorporados á mesma. Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes na materia relacionada coa comunicación realizada e non poderán ser cedidos a terceiros agás nos supostos previstos na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

**INFORMACIÓN ÁDICONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:** Consultar na folia anexa a este impreso

**INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL**

Para os efectos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e conforme á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, proporcionaselle a seguinte información en relación ao tratamento dos seus datos.

**RESPONSABLE DO TRATAMIENTO:**

A INFORMACIÓN FACILITADA NO FORMULARIO É TITULARIDADE DO CONCELLO DE LUGO, DOMICILIADO NA PRAZA MAIOR, Nº 1 27001, LUGO. PARA CALQUERA INFORMACIÓN ADICIONAL PODE REALIZAR CALQUERA CONSULTA A TRAVÉS DOS SEGUINTES MEDIOS:

- TELÉFONO: 982 297 100
- CORREO ELECTRÓNICO: 010@CONCELLODELUGO.ORG
- CONTACTO DPD: DPD.LUGO@SEGURIDADINFORMACION.COM

**FINALIDADE:**

Tramitación da solicitude instada pola/o interesada/o.

**LEXITIMACIÓN:**

O tratamento dos datos de carácter persoal achegados queda lexitimado por unha obriga legal, de conformidade co artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e atopa o seu fundamento na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**DESTINATARIOS:**

Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes en dita materia. Realízase comunicación de datos persoais aos librieros a través do vale.

**DEREITOS:**

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se, no Concello de Lugo, están a tratar datos persoais que lles atinxan, ou non.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento dos fins para os que foron recollidos e no cumprimento da legislación vixente.

En determinados casos, as persoas interesadas poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos. Nese caso, únicamente, conservaranse para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, as persoas interesadas poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Concello de Lugo deixará de tratar os datos, agás por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou a defensa de posibles reclamacións. A persoa interesada ten dereito a recibir os datos persoais que facilitou ao Concello de Lugo nun formato estruturado, de uso común e lectura automatizada. Este último dereito limitarase polas seguintes excepcións:

- a) Que os datos sobre os que recae este derecho, fosen facilitados pola persoa interesada.
- b) Que os datos sexan tratados polo Concello de Lugo de forma automatizada.

Así mesmo ten dereito a retirar o consentimento outorgado, en cuxo caso será efectivo dende o momento no que o solicite, sen ter efectos retroactivos, así como o derecho a reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).